

A CONTRATACIÓN PÚBLICA VERDE: UNHA FERRAMENTA XURÍDICA AO SERVIZO DAS POLÍTICAS DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL¹

Enrique Fernández Fernández

Universidade de A Coruña

Recepción: 15 de junio de 2013

Aprobado por el Consejo de Redacción: 15 de julio de 2013

RESUMO: A Contratación Pública Verde é unha ferramenta central na consecución dos obxectivos de aforro en gastos correntes da Administración Pública, de redución do impacto ambiental das actividades do sector e de estímulo á innovación e desenvolvemento de tecnoloxías, produtos e servizos "verdes", na procura dun modelo de crecemento sostible a longo prazo. Este estudo analiza o mapa xurídico actual en canto ás posibilidades na inclusión de criterios medioambientais nos procedementos de Contratación Pública, deitando luz sobre dous dos principais puntos escuros na súa implantación: a inseguridade xurídica e o descoñecemento das súas vantaxes.

PALABRAS CLAVE: Contratación Pública, Desenvolvemento Sostible, Política Ambiental, Economía Verde, Impacto Ambiental.

ABSTRACT: Green Public Procurement is a main tool in the attaining savings in the Public Administration running costs, reducing the environmental impact of the sector activities and encouraging innovation and development of "green" technologies, products and services, looking for a model of sustainable growth in the long run. This study examines the current legal map in terms of the possibilities of including environmental criteria in public procurement procedures, pouring light on two major dark spots on its implementation: the legal uncertainty and not knowing of its advantages.

KEYWORDS: Public Procurement, Sustainable Development, Enviomental Policy, Green Economics, Environmental Impact.

1 III Premio Lois Tobío de Investigación Xurídica en Lingua Galega, na modalidade de licenciados.

SUMARIO: I. INTRODUCCIÓN. II. MARCO XURÍDICO-POLÍTICO DA CONTRATACIÓN PÚBLICA VERDE. III. CONCLUSIONES

I. INTRODUCCIÓN

O momento actual de crise non só económica, senón tamén ambiental e política, marcada en parte esta última polos recentes escándalos de corrupción², fai preciso un cambio no modelo de xestión dos recursos por parte das Administracións Públicas (en diante AAPP). Neste marco, a Contratación Pública pode e debe erixirse como un verdadeiro instrumento de creación de valor compartido³ en mans dos xestores públicos, que de xeito efectivo servirá á consecución de obxectivos de eficiencia no gasto público, ao tempo que potencia actuacións socialmente responsables e respectuosas co Medio⁴.

A Comisión Europea sinalou que "o consumo actual na UE causa un dano ambiental de proporcións insostibles"; manifestando que se o mundo enteiro seguise pautas de consumo tradicionais, a utilización dos recursos a nivel mundial podería cuadruplicarse en 20 anos⁵. Consecuencia directa do anterior é a necesidade dun cambio de modelo presidido por unha mellor xestión dos recursos e a sostibilidade das nosas accións dende un punto de vista ambiental. Neste sentido a Contratación Pública Verde preséntase como un instrumento verdadeiramente eficaz tanto na protección do Medio como na mellora da xestión pública.

1. Concepto e aproximación á Contratación Pública Verde

A contratación pública é unha ferramenta xurídica clave na consecución dos obxectivos da Estratexia Europa 2020⁶ tal como sinalou a Comisión Europea (en diante CE) na

- 2 Os casos de corrupción na adxudicación e execución de contratos públicos son habituais nos xulgados e medios de comunicación de España, fenómeno no que se centraron estudos xurídicos de grande interese. GIMENO FELIÚ, chama a atención sobre algún dos casos que máis transcendencia mediática tiveron nos últimos tempos; como o caso Roldán, no que o entón Director da Garda Civil se valeu do seu posto para adxudicar contratos de obras a aquelas empresas que previamente pagaran comisións por iso; o caso Pretoria en Cataluña; ou o caso Palma Arena, de absoluta actualidade, no que foron imputados, entre outros, o ex-presidente das Illas Baleares Sr. Matas ou o duque de Palma, Sr. Urdangarín, en "A lei de Contratos do Sector Público: unha ferramenta eficaz para garantir a integridade? Mecanismos de control da corrupción na contratación pública", *Revista española de Dereito Administrativo*, nº147, Xullo-Setembro 2010, p.523
- 3 PORTER MICHAEL E. and KRAMER MARK R. afirman que *"The concept of shared value can be defined as policies and operating practices that enhance the competitiveness of a company while simultaneously advancing the economic and social conditions in the communities in which it operates. Shared value creation focuses on identifying the connections between societal and economic progress"*. En *"Creating Shared Value: how to reinvent capitalism and unleash a wave of innovation and growth"*, Harvard Business Review, Xaneiro – Febreiro 2011, p.6
- 4 GONZÁLEZ GARCÍA J. afirma que a contratación pública "...constitúe un instrumento básico para o cambio no modelo produtivo mediante a imposición de cambios que contribúan a mellorar o medio, os dereitos sociais ou mesmo a propia sostibilidade económica das Administracións públicas", en Prólogo ao libro "Contratación Pública Verde" de PERNAS GARCÍA J., La Ley, Madrid, 2011, p.15
- 5 DOCUMENTO DE TRABAJO DOS SERVIZOS DA COMISIÓN, Documento de acompañamento da COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO CONSELLO, AO PARLAMENTO EUROPEO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS, "Contratación pública para un medio mellor" RESUMO DA AVALIACIÓN DE IMPACTO, SEC(2008) 2125, do 16 de xullo de 2008, p.3
- 6 Comunicación da Comisión "Europa 2020: Unha estratexia para un crecemento intelixente, sostible e integrador" COM(2010) 2020, de 3 de marzo de 2010.

recente proposta de Directiva relativa á contratación pública⁷. Neste sentido, destaca a CE, que a Estratexia Europa 2020 ten tres obxectivos principais aos que a contratación pública, e moi especialmente a chamada Contratación Pública Verde, pode servir. Estes obxectivos son: o desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e a innovación; a promoción dunha economía con poucas emisións de carbono, que faga un uso máis eficaz dos recursos e que sexa competitiva; e o fomento dunha economía con alto nivel de emprego que teña cohesión social e territorial.

A Contratación Pública Verde (en diante CPV) foi definida como "o proceso polo cal as autoridades públicas tratan de adquirir mercadorías, servizos e obras cun impacto ambiental reducido durante toda a súa vida, en comparación co doutras mercadorías, servizos e obras coa mesma función primaria que se adquirirían no seu lugar⁸". Mais este concepto de CPV non pode ser considerado illadamente, pois a súa eficacia veríase enormemente limitada, senón que ha de formar parte dun modelo de xestión pública máis responsable que afecte a todos os eidos de actuación das AAPP; é dicir, a sostibilidade ambiental ha de ser unha condición *ex ante* e *sine qua non* para todas e cada unha das políticas públicas.

Este "novo modelo" máis sostible forma parte dun concepto máis amplo de Desenvolvemento Sostible, segundo o cal "está nas mans da humanidade facer que o desenvolvemento sexa sostible, é dicir, asegurar que satisfaga as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das futuras xeracións para satisfacer as propias⁹". Consecuencia directa do anterior é o recoñecemento explícito á necesidade de que os aspectos económicos, sociais e ambientais se integren na práctica.

1.1 Obxectivos da Contratación Pública Verde

Os obxectivos perseguidos mediante a inclusión de criterios ecolóxicos nos contratos públicos son basicamente tres, tal como sinala GONZÁLEZ ALONSO¹⁰: en primeiro lugar, o aforro en gastos correntes das Administracións Públicas ao reducir o gasto en consumo de bens, servizos e subministracións¹¹ (especial relevancia ten, neste último caso, o aforro na subministración enerxética), en segundo lugar, e como consecuencia directa do anterior,

7 Proposta de DIRECTIVA DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO relativa á contratación pública, COM(2011) 896 final, de 20 de decembro de 2011.

8 DOCUMENTO DE TRABALLO DOS SERVIZOS DA COMISIÓN, Documento de acompañamento da COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO CONSELLO, AO PARLAMENTO EUROPEO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS, "Contratación pública para un medio mellor" RESUMO DA AVALIACIÓN DE IMPACTO, SEC(2008) 2125, do 16 de xullo de 2008, p.3

9 Esta expresión foi oficialmente acuñada polas Nacións Unidas no Informe da Comisión Mundial sobre o Medio e o Desenvolvemento, orixinalmente chamado "O noso Futuro Común" (Comisión Bruntland, 1987).

10 GONZALEZ ALONSO A., "A Contratación pública ecolóxica", en *Xustiza administrativa: Revista de dereito administrativo*, N.º. 47, 2010, páxs. 31-53

11 A Conferencia de Reitores de Universidades Españolas (CRUE) a través do Seminario permanente do Grupo de Traballo sobre Calidade Ambiental e Desenvolvemento Sostible (CADEP), na súa "Declaración das Universidades sobre compra verde: Criterios ambientais na compra de produtos e na contratación de servizos nas Universidades" manifestou que "A Compra Verde é un potente instrumento para reducir o impacto ambiental das nosas institucións e mesmo para reducir o seu gasto económico global. Nestes momentos, a adopción da Compra verde por parte das universidades, significa asumir un papel exemplar para outras administracións públicas e a sociedade en xeral".

redúcese o impacto ambiental das actividades do sector público, e, en terceiro lugar, servirá como estímulo á innovación e desenvolvemento de novas tecnoloxías, produtos e servizos ambientais, resultando evidente a repercusión que terá a maior demanda destes produtos ou servizos no que se coñece como "economía verde". Aos anteriores habería que engadir, como sinala PERNAS GARCÍA¹², os beneficios da CPV en termos de mellora da imaxe das autoridades públicas e o valor socialmente exemplificante para o fomento de condutas socialmente responsables nas empresas e os cidadáns¹³.

Para a consecución destes obxectivos a Comisión Europea, na súa Comunicación "*Public Procurement for a Better Environment* (2008)¹⁴", propuxo que para o ano 2010 o 50% de todos os procedementos de adxudicación na UE deberían ser *green*. En 2011, a Comisión encargou un estudo¹⁵ co fin de determinar se se alcanzara este nivel de CPV na UE e os resultados deste mostran que tan só o 29% dos Contratos Públicos da UE no período 2009/2010 foron ecolóxicos, mentres que en termos de valor económico total a porcentaxe ascende ao 38%. O estudo analiza a situación en cada Estado Membro determinando que nos catro países *top-green* (Bélxica, Dinamarca, Holanda e Suecia) os criterios de CPV foron aplicados ao 40%-60% dos contratos; mentres que nos 20 países menos ecolóxicos a cifra non alcanza o 20%, pois segue sendo predominante a asignación do contrato á oferta co prezo máis baixo, sen ter en conta outros criterios como o custo do ciclo de vida do produto.

Paga a pena lembrar que a contratación pública ascende hoxe en día entornao ao 19% do PIB de toda a UE¹⁶, o que equivale ao PIB dun país como Alemaña, polo que "o poder tractor" ou "o efecto chamada" que supón para o mercado a adopción de medidas ecolóxicas neste campo é máis que notable. Neste sentido a recente Proposta de Directiva relativa á contratación pública¹⁷ recolle, na súa exposición de motivos, que "dado o volume das adquisicións, a contratación pública pode representar un potente estímulo para lograr un mercado único que promova un crecemento intelixente, sostible e integrador¹⁸".

12 PERNAS GARCÍA J.J. "Contratación Pública Verde", La Ley, Madrid, 2011, p.30

13 Un bo exemplo do anterior é a medida adoptada no ano 1993, polo Goberno dos EUA que decidiu comprar unicamente equipos informáticos que fosen conformes ao programa "*Energy Star*". O Goberno é o maior comprador mundial de ordenadores, polo que esta decisión supuxo un importante paso na adopción de normas "*Energy Star*" por parte da maioría de provedores do mercado estendéndose polo tanto aos demais usuarios. Estímase que os beneficios ambientais desta decisión contribuíron dende 1995 a un aforro eléctrico de 200 000 millóns kw/h, o que equivale a 22 millóns de toneladas de CO₂.

14 DOCUMENTO DE TRABAJO DOS SERVICIOS DA COMISIÓN, Documento de acompañamento da COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO CONSELLO, AO PARLAMENTO EUROPEO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS, "Contratación pública para un medio mellor" RESUMO DA AVALIACIÓN DE IMPACTO, SEC(2008) 2125, do 16 de xullo de 2008, p.3

15 *THE UPTAKE OF GREEN PUBLIC PROCUREMENT IN THE EU27: Submitted to the European Commission, DG Environment*, Bruxelas 29 de febreiro de 2012. O estudo foi realizado polo Centre for European Policy Studies e o College of Europe entre 850 AAPP de 26 Estados Membros, obtendo información de máis de 230.000 contratos por un valor aproximado de 117,5 billóns de €.

16 Comunicación da Comisión "*relative à des marchés publics pour un environnement meilleur*" COM (2008) 400, do 16 de xullo de 2008, p. 3

17 Proposta de DIRECTIVA DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO relativa á contratación pública, COM(2011) 896 final, do 20 de decembro de 2011 p.3

18 Neste mesmo sentido, o proxecto de investigación da Comisión Europea Relief(Documento dispoñible en <http://>

1.2 Eidos de aplicación

A efectiva adopción de criterios de CPV por parte dos órganos de contratación públicos pasa pola concreción dos eidos de aplicación destas políticas así como pola superación de certas dificultades que obstaculizan a súa implantación¹⁹. A Unión Europea definiu os criterios ambientais comúns á UE en 19 sectores estratéxicos²⁰ que servirán de base para a súa posterior aplicación por parte dos Estados Membros nos seus Plans Nacionais²¹.

A definición e estandarización dos criterios ambientais aplicables a cada grupo de produtos ou servizos común para todos os Estados Membros evita distorsións no mercado único, ao tempo que beneficia tanto ás AAPP coma a empresas que operen en máis dun Estado que verán homoxeneizadas as esixencias ambientais con independencia da Administración contratante.

Problemas como a insuficiente información sobre o custo de ciclo de vida dos produtos (LCC²²) ou o descoñecemento dos beneficios dos produtos ecolóxicos, que sempre foron sinalados como obstáculos á implantación da CPV, poderán solucionarse mediante o establecemento de criterios estandarizados a nivel europeo. Neste sentido progresouse considerablemente chegando mesmo a establecerse requisitos de contratación obrigatorios para a obtención de obxectivos específicos nos sectores de vehículos de transporte por estrada²³ e os equipos informáticos²⁴.

www.iclei.org/europe/ecoprocura/info/politics.htm visto a 9 de xuño de 2012) concluíu que se todos os poderes públicos da UE solicitasen a subministración de electricidade ecolóxica, se conseguiría un aforro equivalente a 60 millóns de toneladas de CO₂, o que equivale ao 18% do compromiso contraído pola UE para a redución de gases con efecto invernadoiro, conforme ao Protocolo de Kioto.

- 19 A CE fixou como os catro principais obstáculos á aplicación da CPV: 1. O descoñecemento dos beneficios, percepción errónea da magnitude dos custos e falta de apoio político á CPE; 2. A falta de claridade xurídica; 3. A falta de información e ferramentas para a CPE, estruturas de formación inadecuadas, falta de coñecemento das zonas prioritarias e inexistencia de criterios de CPE doados de aplicar e 4. A falta de similitude entre os procedementos e criterios de CPE en diferentes lugares da UE, o cal carrega tamén un incremento dos custos administrativos, en particular para as PEME, e obstaculiza o mercado interior. En Documento "Contratación Pública para un Medio mellor", SEC(2008) 2125, do 16 de xullo de 2008 p.3
- 20 1. *Copying and graphic paper*; 2. *Cleaning products and services*; 3. *Office IT equipment*; 4. *Construction*; 5. *Transport*; 6. *Furniture*; 7. *Electricity*; 8. *Food and Catering services*; 9. *Textiles*; 10. *Gardening products and services*; 11. *Windows, Glazed Doors and Skylights*; 12. *Thermal insulation*; 13. *Hard floor-coverings*; 14. *Wall Panels*; 15. *Combine Heat and Power (CHP)*; 16. *Road construction and traffic signs*; 17. *Street lighting and traffic signals*; 18. *Mobile phones*; 19. *Indoor lighting*. En http://ec.europa.eu/environment/gpp/eu_gpp_criteria_en.htm visto a 5 xuño de 2012.
- 21 No caso español levouse a cabo a través da ORDE PRE/116/2008, do 21 de xaneiro, pola que se publica o Acordo de Consello de Ministros polo que se aproba o Plan de Contratación Pública Verde da Administración Xeral do Estado e os seus Organismos Públicos, e as Entidades Xestoras da Seguridade Social. Publicado no BOE núm. 27 do 31 de xaneiro de 2008.
- 22 O Custo de ciclo de vida ou *Life Cycle Cost* (LCC) abrangue todas as etapas da existencia dun produto, unha obra ou a prestación dun servizo, dende a adquisición de materias primas ou a xeración de recursos ata a eliminación, o desmantelamento ou a finalización do mesmo.
- 23 Directiva 2009/33/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa á promoción de vehículos de transporte por estrada limpos e enerxeticamente eficientes. Publicado no DO L 120 do 15 de maio de 2009 p.5
- 24 Regulamento CE n.º 106/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro do 2008, relativo a un programa comunitario de etiquetaxe da eficiencia enerxética para os equipos ofimáticos. Publicado no DO L 39 do 13 de febreiro de 2008, p.1

A falta de claridade xurídica e de información sobre os procedementos de CPV foron igualmente aducidos como problemas á implantación de criterios e cláusulas ambientais nos procedementos de contratación pública. Neste sentido GONZÁLEZ GARCÍA²⁵ sinala que os obxectivos sociais e ambientais se trataron dentro do concepto un tanto despectivo de "elementos secundarios da contratación". Neste mesmo sentido pronunciouse a Proposta de Directiva relativa á contratación pública, marcando como un dos seus obxectivos "permitir que os compradores fagan un mellor uso da contratación pública en apoio de obxectivos sociais comúns como a protección do medio"²⁶.

Parece oportuno, polo tanto, tal e como recolle a Proposta de Directiva relativa á contratación pública²⁷, continuar nesta liña e que sexa a lexislación sectorial a que fixe os obxectivos obrigatorios en función das políticas e condicións particulares de cada sector, fomentando o desenvolvemento e a utilización de enfoques europeos para o cálculo do custo do ciclo de vida como reforzo para o uso da CPV en apoio ao crecemento sostible.

II. MARCO XURÍDICO-POLÍTICO DA CONTRATACIÓN PÚBLICA VERDE

1. A CPV a nivel internacional

a) Os acordos da ONU

No plano da contratación pública verde, a ONU instou, a través da coñecida como Axenda 21²⁸, a que os Estados incorporasen políticas de CPV nos seus procedementos así como a que integrasen aspectos ambientais nas políticas e toma de decisións nacionais. A propia ONU aplica no seo da súa organización as políticas de consumo responsable, apostando pola adquisición de bens e servizos con criterios ecolóxicos, o cal é verdadeiramente relevante tanto polo volume das súas operacións de contratación, que se estima ao redor de 30.000 millóns de dólares anuais, coma polo papel exemplificante cara a outros organismos internacionais. Ademais, conta cunha Organización de Servizos de Contratación Inter-Axencias (IAPSO)²⁹, encargada de asesorar a calquera axencia das Nacións Unidas, institucións financeiras internacionais, Gobernos, axencias de desenvolvemento, países doadores e ONGs en relación coa contratación, especialmente a que se dirixe aos países e proxectos en desenvolvemento³⁰.

25 GONZÁLEZ GARCÍA J. Prólogo ao libro "Contratación Pública Verde" de PERNAS GARCÍA J., La Ley, Madrid, 2011, p.15-16

26 Proposta de DIRECTIVA DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO relativa á contratación pública, COM(2011) 896 final, do 20 de decembro de 2011 p.2

27 Proposta de DIRECTIVA DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO relativa á contratación pública, COM(2011) 896 final, do 20 de decembro de 2011 p.25

28 Axenda 21 é un plan de acción multidisciplinar da ONU a adoptar a nivel global, nacional, rexional e local por todas as organizacións das Nacións Unidas, os Gobernos e os grupos de interese en cada unha das áreas en que a actividade humana poida ter impacto sobre o medio. Foi adoptada xunto coa Declaración sobre Medio e Desenvolvemento na conferencia das Nacións Unidas celebrada en Río de Janeiro en xuño de 1992.

29 <http://www.iapso.org/> visto a 25 de xullo de 2012.

30 GONZALEZ ALONSO A., "A contratación pública ecolóxica", en *Xustiza administrativa: Revista de dereito administrativo*, n.º. 47, 2010, p.37

b) O Acordo sobre Contratación Pública da OMC

No marco internacional do réxime dos contratos públicos destaca o Acordo sobre Contratación Pública³¹ (en diante ACP) da Organización Mundial do Comercio, polo que se intenta garantir que os produtos, servizos e provedores estranxeiros teñan acceso aos contratos públicos, sobre a base dos principios de apertura, transparencia e non discriminación.

O ACP é, por agora, o único acordo xuridicamente vinculante³² da OMC que trata especificamente da contratación pública. A versión actual do Acordo negociouse durante a Rolda Uruguai en 1994 e entrou en vigor o 1 de xaneiro de 1996. O 15 de decembro de 2011, os negociadores alcanzaron un acordo histórico que plasma os resultados da renegociación do ACP. Esta decisión política foi confirmada o 30 de marzo de 2012 mediante a adopción formal da Decisión sobre os resultados das negociacións celebradas de conformidade co parágrafo 7 do artigo XXIV do Acordo sobre Contratación Pública (GPA/113)³³.

O ACP non fai referencia ao Medio Ambiente, non obstante dispón que non se interpretará ningunha disposición do presente Acordo no sentido de que impida a unha Parte establecer ou esixir o cumprimento de medidas necesarias para protexer a moral, a orde ou a seguridade públicas; a saúde e a vida das persoas e dos animais ou para preservar os vexetais³⁴ (...)", o cal parece abrir a porta á consideración de criterios ambientais como directrices da política de contratación pública. Se ben isto é así, o ACP expresou manifestamente o seu apoio á integración de variables ambientais nas especificacións técnicas; segundo o Artigo X do ACP "unha parte, incluídas as súas entidades contratantes, poderá, conforme ao presente artigo, preparar, adoptar ou aplicar especificacións técnicas co fin de promover a conservación dos recursos naturais ou protexer o medio".

Na revisión do Acordo deuse un paso máis no recoñecemento das posibilidades da Contratación Pública para orientar as políticas sociais. O novo ANEXO E do ACP dedicouse expresamente a esta cuestión, baixo a rúbrica "Decisión do Comité de contratación pública sobre un programa de traballo relativo á contratación sostible", que establece, entre outras cousas, que "o Comité preparará un informe en que se enumeren as mellores prácticas das medidas e políticas³⁵ "

31 Texto íntegro do Acordo dispoñible en: http://www.wto.org/spanish/docs_s/legal_s/gpr-94_01_s.htm, visto 29 de xullo de 2012.

32 O ACP non obriga todos os países membros da OMC, senón soamente aqueles que subscribisen o Acordo. A UE é parte do ACP e polo tanto este forma parte do ordenamento comunitario e é vinculante tanto para as institucións comunitarias coma para os países membros.

33 Véxase a páxina da OMC referida ao Acordo: http://www.wto.org/spanish/tratop_s/gproc_s/gp_gpa_s.htm#negotiations, visto 29 de agosto de 2012

34 Artigo III.2 sobre "seguridade e excepcións xerais", do Anexo ao protocolo polo que se modifica o ACP, no DOCUMENTO DA REUNIÓN FORMAL DAS PARTES NO ACORDO DA OMC SOBRE CONTRATACIÓN PÚBLICA CELEBRADA EN XENEBRA A NIVEL DE XEFES DE DELEGACIÓN, do 30 de marzo de 2012, (GPA/113, do 2 de abril de 2012), pág. 12

35 Anexo E, "Decisión do Comité de contratación pública sobre un programa de traballo relativo á contratación sostible", no DOCUMENTO DA REUNIÓN FORMAL DAS PARTES NO ACORDO DA OMC SOBRE CONTRATACIÓN PÚBLICA CELEBRADA EN XENEBRA A NIVEL DE XEFES DE DELEGACIÓN, do 30 de marzo de 2012, (GPA/113, do 2 de abril de 2012), pág. 445

c) A Lei Modelo da CNUDMI sobre Contratación Pública

O 1 de xullo de 2011 foi aprobada a nova Lei Modelo sobre a Contratación Pública³⁶ da Comisión de Nacións Unidas para o Dereito Mercantil Internacional cuxa finalidade é acadar o uso óptimo dos recursos e evitar os abusos no proceso de adxudicación. O texto promove a obxectividade, a equidade e a participación, así como a competencia e a integridade para cumprir eses obxectivos. A transparencia é tamén un principio clave, pois permite confirmar o cumprimento efectivo dos procedementos e principios³⁷.

A Lei Modelo ten por obxecto axudar aos Estados a formular leis de contratación pública máis modernas. Aínda que os países en desenvolvemento e os Estados con economías en transición eran os que máis utilizaban o texto de 1994, a nova Lei Modelo reflicte as mellores prácticas internacionais e concibiuse de forma tal que resulte útil a todos os Estados. A Lei Modelo permite, así mesmo o uso da Contratación Pública como ferramenta en mans dos Estados para promover os seus obxectivos de política interna, como o fomento do desenvolvemento económico.

O aspecto ambiental tamén aparece reflectido nesta norma aínda que de forma pouco clara. O artigo 9 sobre a "Idoneidade esixible de todo provedor ou contratista" establece que todo provedor ou contratista deberá satisfacer aqueles dos seguintes criterios que a entidade adxudicadora considere apropiados e pertinentes nas circunstancias do contrato que se vaia adxudicar, entre os que se encontra "posuír as cualificacións profesionais, técnicas e ecolóxicas (...) que se requiran para executar o contrato". O artigo 11 da lei, que establece as regras concernentes aos criterios e procedementos de avaliación, tamén admite que aquelas características ecolóxicas relacionadas co obxecto do contrato poidan ser consideradas como criterios de avaliación das ofertas.

d) O Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sostible de 2002

Será o Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sostible, celebrado en Johannesburgo en setembro de 2002, a que por primeira vez aborde cuestións sobre contratación pública verde no contexto dos debates e acordos en materia de desenvolvemento sostible³⁸. Resultado do Cumio elaborouse o Plan de Aplicación das Decisións do Cumio Mundial sobre o Desenvolvemento Sostible, do 4 de setembro de 2002, cuxo artigo 19 establece como un dos seus obxectivos "promover políticas de contratación pública que propicien a creación e difusión de bens e servizos que non causen dano ao medio". Ao mesmo tempo, o Cumio serviu de base para a creación en Marrakech dun Grupo de Estudo sobre a contratación sostible,

36 A nova Lei Modelo de 2011 substitúe a Lei Modelo da CNUDMI sobre a Contratación Pública de Bens, Obras e Servizos de 1994. Aínda que se recoñecía que o texto de 1994 era un importante instrumento internacional de referencia para a reforma do réxime da contratación pública, en 2004 a Comisión conveu en que sería conveniente actualizar a Lei Modelo de 1994 para reflectir as novas prácticas, en particular as derivadas do uso de comunicacións electrónicas na contratación pública, así como a experiencia adquirida na aplicación desa Lei Modelo como base de reformas lexislativas. De calquera modo, non se modificaron os principios nin os procedementos máis importantes que constituían o fundamento da eficacia do texto de 1994. En www.uncitral.org visto 30 de xullo de 2012.

37 Véxase a páxina da CNUDMI para a Lei Modelo sobre contratación pública: http://www.uncitral.org/uncitral/es/uncitral_texts/procurement_infrastructure/2011Model.html, visto 30 de xullo de 2012.

38 SIRVENT ALONSO C., "Compra e contratación pública verde", *Revista Aranzadi de dereito ambiental* n.º. 18, 2010, páx. 289

co labor de difundir prácticas sostíbles (ecolóxicas) de contratación pública, en especial nos países en desenvolvemento, é o coñecido como Marrakech Task Force³⁹(MTF).

Resultado deste mesmo Cumio é a Recomendación sobre contratación pública ecolóxica da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) de 2002, a cal motivou a adopción de políticas de contratación pública verde por parte de numerosos países pertencentes á devandita organización⁴⁰. Como precedente desta Recomendación a OCDE xa publicara no ano 2000, o documento "*Greener Public Purchasing: Issues and practical solutions*"⁴¹ co obxectivo principal de promover as políticas de CPV entre os países pertencentes á organización.

2. A aposta pola CPV a nivel comunitario

Segundo o dereito comunitario, as esixencias da protección do medio deberán integrarse na definición e na realización das políticas e accións da Unión, en particular co obxecto de fomentar un desenvolvemento sostíble (artigo 11 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea⁴²; anteriormente artigo 6 do Tratado constitutivo da Comunidade Europea).

Como consecuencia directa do principio de integración ambiental, a contratación pública manifestouse como un instrumento eficaz para levar a cabo políticas públicas transversais, como a protección do medio, o fomento do emprego estable, a inserción laboral de persoas con minusvalía ou en risco de exclusión social, e a igualdade de xénero⁴³.

A) Estratexias políticas comunitarias

A UE apostou fortemente por un crecemento sostíble a longo prazo, baseado nun modelo de crecemento que combina políticas sociais, económicas e ambientais. A estratexia que desenvolve esta política foi aprobada no 2001, mediante a Comunicación da Comisión Europea "Desenvolvemento sostíble en Europa para un mundo mellor: estratexia da UE para un desenvolvemento sostíble"⁴⁴. Esta estratexia establece un marco político a escala da Unión

39 A Marrakech Task Force é un grupo de traballo informal composto por países e organizacións que traballan xuntos en aspectos específicos sobre consumo e produción sostíble, comprometéndose a levar a cabo un conxunto de actividades que apoién a posta en marcha de proxectos concretos.

"The principal objective is to promote and support the implementation of public procurement programmes that encourage the uptake of sustainable products and services", en <http://esa.un.org/marrakechprocess/tfsuspubproc.shtml>, visto 12 de xuño de 2012.

40 Xapón, Canadá, Australia, Estados Unidos e Corea do Sur, ademais doutras economías emerxentes como China, Thailandia e Filipinas (GONZALEZ ALONSO A., "A contratación pública ecolóxica", en *Xustiza administrativa: Revista de dereito administrativo*, n.º. 47, 2010, p.37).

41 Dispoñible en www.oecd.org, visto 5 de xullo de 2012.

42 TRATADO DE LISBOA POLO QUE SE MODIFICAN O TRATADO DA UNIÓN EUROPEA E O TRATADO CONSTITUTIVO DA COMUNIDADE EUROPEA, asinado en Lisboa o 13 de decembro de 2007 (2007/C 306/01). Publicado en DOMINGO C 306 do 17 de decembro de 2007. Ratificado o 3 de novembro de 2009 polo último Estado membro que restaba en facelo e que entrou en vigor o 1 de decembro de 2009.

43 MELERO ALONSO, E. "A promoción do medio a través da contratación pública: Análise das cláusulas ambientais", en *Revista de Dereito Urbanístico e Medio*, núm. 260, Madrid, setembro-outubro (2010), p.168

44 Comunicación da Comisión do 15 de maio de 2001 «Desenvolvemento sostíble en Europa para un mundo mellor: estratexia da Unión Europea para un desenvolvemento sostíble (Proposta da Comisión ante o Consello Europeo de Gotemburgo)» [COM (2001) 264 final - non publicada no Diario Oficial]. Revisada pola Comunicación da Comisión do 13 de decembro de 2005 relativa á revisión da Estratexia para un desenvolvemento sostíble - Plataforma de

Europea para permitir o desenvolvemento sostible baseado en catro piares económico, social, ambiental e goberno mundial que debe reforzarse mutuamente. Os principios básicos desta estratexia, que é complementaria da Estratexia de Lisboa⁴⁵, son: a promoción e protección dos dereitos fundamentais; a solidariedade intra e interxeracional; a garantía dunha sociedade aberta e democrática; a participación dos cidadáns, empresas e interlocutores sociais; a coherencia e integración das políticas; a explotación dos mellores coñecementos dispoñibles; e os principios de precaución e de "quen contamina, paga".

Esta estratexia global sobre desenvolvemento sostible veuse complementando con iniciativas sectoriais. En materia de contratación pública destaca a Comunicación da Comisión sobre contratación pública para un medio mellor⁴⁶. A devandita comunicación promove o uso da CPV sobre a base dos beneficios tanto ambientais coma económicos da medida, tratando de achegar seguridade xurídica á integración de criterios ambientais nas licitacións públicas, servindo en última instancia como documento de apoio político á CPV no seo da UE.

Anos antes a Comisión xa se manifestara a favor da legalidade de incluír criterios ambientais nas licitacións públicas, a través da Comunicación interpretativa "sobre a lexislación comunitaria de contratos públicos e a posibilidade de integrar os aspectos ambientais na contratación pública"⁴⁷ (2001)" que foi un documento fundamental na aposta pola CPV na UE⁴⁸, exemplo do cal é o propio obxectivo do documento: "estudar e aclarar as posibilidades que ofrece o vixente réxime de contratación pública para unha óptima integración da protección do medio nos contratos públicos"⁴⁹.

Na mesma liña de promoción da CPV a través de documentos que melloren a información dispoñible e a claridade xurídica sobre este fenómeno, a Comisión Europea

acción [COM (2005) 658 final - non publicada no Diario Oficial].

45 A Estratexia de Lisboa é un plan de desenvolvemento da UE aprobado polo Consello Europeo de Lisboa celebrado os días 23 e 24 de marzo de 2000. O seu obxectivo é converter a economía da UE en "a economía do coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo, antes de 2010, capaz dun crecemento económico duradeiro acompañado por unha mellora cuantitativa e cualitativa do emprego e unha maior cohesión social". No Consello Europeo de Göteborg, celebrado os días 15 e 16 de xuño de 2001, engádese unha dimensión ecolóxica a estes obxectivos, xa que se subliñou o cambio de enfoque en materia de elaboración das políticas comunitarias, de modo que debía examinarse "dun xeito coordinado as consecuencias económicas, sociais e ecolóxicas de todas as políticas e telo en conta nos procesos de decisión." (GONZALEZ ALONSO A., "A contratación pública ecolóxica... ob. cit. P.39).

46 DOCUMENTO DE TRABAJO DOS SERVICIOS DA COMISIÓN, Documento de acompañamento da COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO CONSELLO, AO PARLAMENTO EUROPEO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS, "Contratación pública para un medio mellor" RESUMO DA AVALIACIÓN DE IMPACTO, SEC(2008) 2125, do 16 de xullo de 2008.

47 Comunicación interpretativa "sobre a lexislación comunitaria de contratos públicos e a posibilidade de integrar os aspectos ambientais na contratación pública" COM (2001) 274 final, Bruxelas, do 4 de xullo de 2001. Documento dispoñible en <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=COM:2001:0274:FIN:ES:PDF>, visto 15 de agosto de 2012.

48 ⁴⁷ A COM (2001) 274 final, Bruxelas, do 4 de xullo de 2001 recoñece que para lograr un verdadeiro desenvolvemento sostible no seo da UE "é necesario que o crecemento económico apoie ao progreso social e respecte o medio, que a política social sustente os resultados económicos e que a política ambiental sexa rendible. Isto, aplicado á contratación pública, significa que a lexislación na materia debería ter en consideración, xunto á súa finalidade económica primordial, as preocupacións ambientais".

49 ⁴⁸ COM (2001) 274 final, Bruxelas, do 4 de xullo de 2001, p.6

elaborou, no ano 2005, o manual "Compras ecolóxicas!" sobre contratación pública verde no seo da UE⁵⁰ (publicada a segunda edición no ano 2011⁵¹) e que ten por obxecto "axudar a que os poderes públicos poñan en marcha unha política de compras ecolóxica". Cun fin eminentemente práctico, o documento analiza as posibilidades que ofrece o dereito comunitario neste ámbito e ofrece numerosos exemplos e alternativas para a inclusión de criterios ambientais en todo o procedemento de contratación pública.

B) Instrumentos normativos comunitarios

Nos distintos textos que acabamos de mencionar a contratación pública aparece como unha parte moi importante da política europea, que ha de integrarse xunto coas demais políticas sectoriais da Unión. O anterior senta as bases, como ben di IGLESIAS SKULJ⁵², para unha intervención comunitaria dirixida á preservación, protección e mellora da calidade do ambiente, a protección da saúde, o uso prudente dos recursos naturais e a promoción de medidas de carácter internacional para enfrontar os problemas rexionais ou mundiais.

A análise dos instrumentos normativos comunitarios sobre CPV céntrase fundamentalmente nas actuais Directivas sobre contratación pública⁵³: en primeiro lugar a Directiva 2004/17/CE⁵⁴ de 31 de marzo de 2004 sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais; e nun plano máis xeral, a Directiva 2004/18/CE⁵⁵ do 31 de marzo de 2004 sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, subministracións e servizos.

Na exposición de motivos desta última dise que clarifica as posibilidades con que contan os poderes adxudicadores para atender as necesidades dos cidadáns afectados, sen excluír o ámbito ambiental ou social, sempre e cando os devanditos criterios estean vinculados ao obxecto do contrato, non outorguen ao poder adxudicador unha liberdade de elección ilimitada e, estean expresamente mencionados e atéñanse aos principios fundamentais". Ao mesmo tempo, enumera algúns dos puntos máis importantes na análise

50 Comisión Europea, *Compras ecolóxicas! Manual sobre contratación pública ecolóxica*, 2005

51 Comisión Europea, *Buying Green A handbook on Green public procurement, 2nd edition*, 2011. Dispoñible en <http://ec.europa.eu/environment/gpp/pdf/handbook.pdf> visto a 20 de maio de 2012.
